

Eu, en toda clase de regatos

Chus Pato

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PATO, CHUS (2012 [1996]). “Eu, en toda clase de regatos”. *Dorna*: 22, 75-84.

Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/1974>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

PATO, CHUS (1996). “Eu, en toda clase de regatos”. *Dorna*: 22, 75-84.

* Edición dispoñíbel desde o 28 de marzo de 2012 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

EU, EN TODA CLASE DE REGATOS

ESCURO. OU TAMÉN PODE SER UN RÍO. CRUZAS ESE RÍO. A PONTE É DE PASOS, DE POLDRAS, DE PASAIS. POS O PÉ, MÁIS QUE CAMIÑAR VOAS, DANZAS UN PASO DE MUIÑEIRA, ASENTAS; NESTA, E NA SEGUINTE, BRINCAS. O RÍO ADOITA SER PEQUENO E AS LOUSAS POUCAS, PERO AGRANDA E OS PASOS SEMELLAN INFINITOS. CRUZAS, ESTÁS XA NA OUTRA ORELA. PERTO, SEGURAMENTE, MEDRA UNHA MATA DE NARCISOS, CORTAS UN RAMO, REGRESAS Á TÚA CASA CUN RAMO DE NARCISOS.

Teño once anos, estou nunha clase de Xeografía, miro pola fiestra. Escribo os meus primeiros versos, escribo en castelán. Os meus primeiros versos falan dunha catedral, dun lameiro, dunha vaca que paze no lameiro. Escribo versos urbanos, o escenario da miña nenez: unha cidade agraria, de catedrais, de prostíbulos.

Teño vintedous, miro por unha fiestra: hortas, un froital, marzo, Compostela. Escribo os meus primeiros versos. Escribo en galego. Esta vez é definitiva.

Escribo os meus primeiros versos en dialecto. Preciso. Nunca falaremos castelán. Falamos. Escribimos nun dialecto chamado español que non é a lingua dun pobo senón dun estado.

Escribir en galego supuxo para min toda unha aprendizaxe. Primeiro comprender (escribo sobre unha nena) que existían dúas linguas, comprender que existía unha Guerra Civil, que antes houbera unha República, que viviamos nun réxime de terror. Que o meu pai e a miña nai falaban en dialecto español porque fomos derrotados, que a avoa falaba en galego porque a ela, que fixo dunha bandeira vermella un viso, non había Deus que a derrotase.

Escribir en galego supuxo para min cambiar a cabeza. ¡Por completo! Grao cero. Si, algún libro do meu pai, si, unha nena de oito anos que estrañamente acode da man dese pai ao Liceo Recreativo ourensán e escoita a Otero. Pero todo desmente a Otero. Todo desmente a arela do pai que educa a nena en español e lle arrola os soños cunha canción que fala de Cornualla, Gales, Escocia, Irlanda, das sete nacións celtas fillas do Pai Breogán. Dun pai que corruxe á nai cando fala en “castrapo” e antes de morrer pronuncia

–Mencía, e aquelas outras, garnacha

e a nena coñece que por parte paterna todas as mulleres que a precederon iniciaron o seu canto nas Vendimas.

Escribir en galego supuxo para min asumir palabras tales como Identidade Nacional, Soberanía, Independencia. Saírme de todas elas. Asumir a miña Improcedencia, a miña estranxeiría.

Escribir en galego supuxo para min exercer a palabra Liberdade, que significa poder elixir, estar en situación de facelo. Non todos os escritores poden elixir o idioma no que escriben. Escribir en galego podía parecer daquela unha perda. Pero escribir en galego supón escribir sen Estado. Escribir en galego, e remato, supón non escribir en dialecto.

ESCURO. MERA, NOITE, NON SABES SE EXISTEN PASOS OU SE NON. POS O PÉ, SUSPENDES O TEU CORPO NO ALENTO, BRINCAS, CAES, ASENTAS. CADA PEDRA É LUZ, UNHA INCISIÓN NA NÉBOA, NO CAOS, NA NOITE. DESCOÑECES SE HAI OUTRO PASO OU NON, DE NOVO A LUZ, ASÍ. A MEDIDA QUE AVANZAS OS PASOS ANTERIORES BÓRRANSE, NON PODES REGRESAR, SÓ NA LEMBRANZA. O CAMIÑO É UN CAMIÑO DE TEMPO, NON CONDUCE A NINGURES, REMATA COA EXTINCIÓN, COA VIDA, COAS PALABRAS. CRUZAR ESE RÍO É UN ACTO DE FE, UNHA CRENZA EN TI, NO MUNDO, NA EXISTENCIA DO MUNDO, E TAMÉN SABEDORÍA, QUE NON SE ACUMULA, CADA PASO É UN COMEZO: ORIXE, UNHA LUZ, ÚNICA, PEDRA, PASO, POLDRA, PASAI, PALABRA, CONXUNTO DE PALABRAS, VERSO OU ANACO DE POEMA. NUN ALTO, UNHA MULLER QUE NON ES TI CORTA UN RAMO DE NARCISOS. REGRESA Á SÚA CASA CUN RAMO DE NARCISOS.

Muller: Natura (pero aquí Natureza significa non posuír linguaxe articulada, son musical dotado de sentido; moito menos, Logos)

Muller: ausencia. Carencia de Referente: Non-todo; ou ben Lingua como agasallo, como don, ornamento, ornato. Escribo de prestado, como quen escribe nun abecedario que non lle axusta, luva. Nena que aprende a escrita, caligrafía, gótica. Ou ben voz que se presenta cuberta de veos (oráculo), que tece enigmas

– ¿que prefire o señor, a tenda ou a señora?

Enigmas que me conducen á morte, ao asasinato.

Deconstruír os mitos. Pensar o canto de Euridiche, alén do inferno. Nada máis cómico, ao meu entender, que todos eses descensos ao Hades con ou sen póla dourada. O único serio, en verdade, é a resposta da Sibila: o azar transformado en destino. (*Sempre imaxinei ós oráculos pendurados de pinzas da roupa, de plástico, translúcidos, de cores*)
As profecías de Casandra sen o cuspe de Apolo.

E os outros mitos patriarcais nosos.

Ilduara Eriz representa para min a Matriarca tal e como a concibe o noso particular patriarcado nacional. Forte, rica, quen de reproducir unha estirpe, de defender a Casa. Casa do pai, nome paterno, Patria.

Adosinda, escarpíns vermellos. Adosinda é a verdadeira autora dos meus versos, ela, a vidente, a que constrúe na poula a Casa, súa, propia, da linguaxe, súa.

Muller: ningún chanzo da escada conduce a Nós. Carencia de nome: metonimia.

Metáfora, o pai. Eu, nos bordos, de aí a contemporaneidade do intento en feminino. Non ser negada. Nomear dende a outra, eu. Nós- Outras (de aí o emprego de moitas voces, que rompen a unicidade dos poemas; Voces: todas)

Eu: a estraña que vos nomea. A Nación, xa que logo a Orixe, Raíz: Independencia.

Suxeito desta narración (Adosinda, filla de Ilduara, irmá de Rudesindo Eriz, alias San Rosendo, caudillo e Príncipe: Gallaecia, reino). Un Hotel, propio.

Eros, que non me conduza á destrucción, á morte, ao Crime.

ESCURO. OU TAMÉN UN MUÍÑO. O MUÍÑO ESTÁ ABANDONADO. EU TAMÉN ENTRO NO MUÍÑO, RELATO A MIÑA HISTORIA. NO MUÍÑO, ENTRE A ENRAMADA, MEDRA UNHA LILA, É ABRIL. A LILA FAISE VELLA, GROSA, CEPA. RELATA A SÚA HISTORIA. A LILA ESCRIBE NA MESMA LINGUAXE QUE AS XENTES QUE RELATAN A SÚA HISTORIA. ESCRIBE PRECISAMENTE NESA LINGUAXE PORQUE ESA NON É A SÚA LINGUAXE. INTRODUCE NESA LINGUA A PULSIÓN, O ESCURO

– QUERO SER XINETE

“... entón pareceulle escoitar unha voz que non cantaba nin falaba, que murmuraba e adormecía, pero que despois deixou de soar ante estraños, e facíao só para ela nunha linguaxe que a fascinou aínda que non entendera unha palabra”

Malina, Ingeborg Bachmann.

Asistíanme as rimas dun príncipe encantado, a respiración dos seus versos: levar o corazón a punto extenuado, case morto e baleirar os pulmóns na explosión do verso, única definición que eu podo aceptar como metáfora, o sentido abandonado, apatriado, da linguaxe (como canon, como convención poética) a canción de Kaspar Hauser

– quero ser xinete

Contaminar o texto (macrotexto poético) desde os bordos, desde a entraña mesma da linguaxe:

Urania é fundamentalmente un Requiem. Comecei a escribir este libro logo do pasamento do meu pai, aínda que algúns poemas son anteriores. Comecei a escrita deste libro cando a terra ceibou de si as súas derradeiras labaradas e eu puiden reclinar o meu rostro no seu ventre.

No texto que abre o libro trato de explicar qué vai ser o libro, unha especie de manifesto ou escolla estética, así os elementos: terra e auga, para.

iso elixín o boi, o boi e o andar voluptuoso do océano. Logo, cómo se vai escribir: a medio corazón, a corazón partido; finaliza coa constatación do cambio na contradición principal dentro do marco teórico do marxismo, introducida por Mao, que opón ó binomio periferia-centro aquel outro burguesía-proletariado leninista, co cal se indica que só desde a periferia é posíbel a escrita, e xa que logo a transformación do mundo, a linguaxe.

O segundo poema parte dunha invocación a Narda, a protagonista de *Antón e os inocentes* de X. L. Méndez Ferrín, e logo prosegue coa aparición dunha das teimas que se farán constantes na miña obra: a presentación dun nome feminino, neste caso o de Rosa Luxemburgo, que quere representar aquí á muller vinculada á liberación que conceptuou o movemento obreiro europeo e a violencia do estado no seu asinato. Continúa o poema coa transcripción dun manifesto normativo da patronal viguesa da conserva referido ao comportamento e traballo das operarias. Paso os meus primeiros dezasete veráns en Canido e desde nena entro en contacto co mundo das conserveiras, e tamén co abandono progresivo dos seus inmobles.

Ferrol: participo na manifestación que lembra o asinato de Daniel Niebla e Amador Rei, convocada polo nacente sindicalismo galego. Escoito tiros; aterrorizada, fago o que non debo facer. Subo a escaleira dunha casa, chamo, abren, bótanme por riba unha bata de andar por casa e diante de min unha cunca de beber o caldo. Coñezo, e para sempre, o que é o proletariado, a solidariedade proletaria.

Hai veces que me cabrean os poetas, cabréame a soberbia dos poetas, cabréame Pessoa, cabréame a teosofía, o magnetismo, o imperialismo, cabréame Apollinaire “tan perto eles, a beleza, da Barbarie”.

“Certo que son rosas as que por este van cruzan”, paisaxe, a Ribeira, lugar de nacemento do meu pai, locus amoenus, socalcos, pavieiras de carmesí veludo: Venus; un eros fluvial, relacionado coa vendima

A miña poesía está fortemente politizada. Non é posíbel escribir poesía, non é posíbel vivir sen política.

A técnica pertence ao poeta que a crea, o seu estudio pertence aos/as críticas e ás/ós estudiosas do corpus poético. Resumo, non embargantes.

En palabras de Estebán Pujals Gesalí, citadas xa na miña intervención na mesa de poesía do último congreso de escritoras/es en Lingua Galega (1995):

CONTAMINAR O TEXTO, MACROTEXTO POÉTICO, DESDE OS BORDOS, DESDE A ENTRAÑA MESMA DA LINGUAXE.

Esa poética que concibe o poema composto en verso libre no que un suxeito claramente definido, a miúdo unha proxección da autora/or, expresa nunha lingua tipicamente poética, isto é, limitada, froito dunha selección lóxica e sintáctica que exclúe boa parte do diccionario; altamente discursiva, é dicir, integrada por oracións completas articuladas loxicamente, unha “unidade de pensamento” que adoita consistir nunha percepción sobre algún aspecto da súa experiencia

– que valora o contido, a experiencia do autor/a, e que marxinaliza a forma lingüística, que tende en gran medida a aparecer estandarizada

– un autor/a pasivo/a, acrítica; autoritario, fetichista, que considera a lingua como un mecanismo neutral, unidireccional, estábel

– unha concepción diferencial de pensamento/linguaxe

– que borra todo signo de produción lingüística

– que configura un lector/a, pasiva, un consumidor pasivo

Contra todo isto POEMA como: indeterminación, debilitamento da referencia, suspensión das garantías da univocidade do sentido que representa a sintaxe “normalizada” e a conexión lóxica das oracións, renuncia á metáfora como centralidade, renuncia das referencias semánticas e gramaticais comúns, montaxe de citas, escrita antigramatical, signos que continuamente delaten a produción: a praxe do texto.

Quixera cos meus versos comunicar Lingua: escrita (houbo un tempo no que a fala era creación) creación das avoas, das trinta xeracións de avoas que me precederon e falaron en galego, das trinta ou máis xeracións de avoas que me precederon e falaron unha lingua extinta da

que eu conservo ecos no galego actual, e daquelas outras, sen nome, que crearon a lingua pé das mañoas, erguendo a construción cos seus dedos, e pechando o túmulo coas grandes laxes da memoria. Avoas de meu-Nosas constrarquitectas das grandes Casas da Vida: da Morte. Do idioma.

Ao igual que todas as mulleres que me precederon encetaron o seu canto nas vendimas ou nas segas, nas luminiscentes e cegadoras senras (como cobra, como cobra saltadeira), eu, a primeira entre todas elas que non sei cavar, nin segar, nin vendimar, quixera comunicar lingua, creación, praxe lingüística. ESCRITA.

MERA: OU TAMÉN UN DIQUE. A LÚA PROLONGA O DIQUE. FÍO DE SEDA. EU SON O QUE ELAS DIN. AS PALABRAS QUE CRUZAN ENTRE ELAS, O POEMA. O SEU POEMA.

As falas dos defuntos: antepasados. A estraña fábula de Dracull. As antigas damas, elas que tan ás présas cabalgaron. A Nau: DEMETER. De aí as voces. Penso no poema como drama, como espaciao do común, voz que se superpón á voz, outras, voces, nas que se desprega a voz. Por oposición á orde conceptual fálica, tamén.

“As palabras deste libro son todas as palabras do rumor, todas as palabras da liberalidade, todas as palabras do alfanxe, todas as palabras do coro. É cada un dos silencios do mundo. As chamadas da tuba admirábel que nos chama. A verba numerosa do falar dos enxamios, do estrondar dos cadoiros, das estúpidas falas dos mortos”

Heriberto Bens

Palabras do vento. Poema navegación. Ceibe. Aí onde se escoitan as palabras, o silencio entre vocal e vocal, entre vocal e consoante. Eu son esas restrevas, esa promenade sobre a Literatura. As voces dos poetas

“E a palabra aparece.

e, como unha afastada folerpa de neve, fúndese
na miña man, confiada, sen reproche.”

Anna Akhmátova

os poetas: xunto a Georg Trakl, Rosalía, Eduardo Pondal, Mariña Tsvietáieva, Robert Lowell, Xohana Torres, Uxío Novoneyra, Sylvia Plath,

Celan, Méndez Ferrín, Artur Rimbaud, Celso Fernández Sanmartín, Chus Nogueira, Rafa Villar, Paulino Vázquez, Manuel Outeiriño, Xavier Cordal, Lois Pereiro, Antón Reixa, Ana Romaní, M^a Xosé Queizán, Yolanda Castaño, Lupe Gómez, Olga Novo, Martín Veiga, Isolda Santiago, Marta Dacosta, Anxo Angueira e Pilar Pallarés

o rostro invoca as sombras, frías, cortadas, hexaédricas, ai vela fro! que verrei ao rei!

e baixo bóvedas escuras

Non embargantes penso que os meus poemas non están tocados pola gracia. Da obra de Chus Pato poderíamos dicir que: repite continuamente, enlaza dificilmente un verso con outro, interrompe a continuidade narrativa, introduce numerosos comentarios persoais alleos ao poema.

“O meu editor non está satisfeito”

– logo de ler a última frase, non sabes quen ama a quen
quen morreu e quen quedou con vida
quen é o autor e quen é o heroe
este enxamio de espectros

Polo demais plaxia ou está sempre a piques de plaxiar descaradamente a outras autoras.

A min gustaríame ter unha piscina e un coche como a protagonista de Instinto Básico, que era escritora, vender tantos libros como Agatha Christie ou ser forense como Kai Scarpetta, ou ser actriz e recibir moitísimos óscares, ou tamén traballar nun circo, ser aerolista ou equilleuse ou trapecista, ou no music-hall e recibir miríadas de aplausos todas as noites, e qué dicir das Damas de Fortuna:

“Súpeto, un magnífico cabalo avanzou cara a Kai e Gerda (que o recoñecen de contado, estivera enganchado á carroza de ouro), cunha meniña de carapuchiña vermella brandindo dúas pistolas. Era a filla dos bandidos que estaba aborrecida na casa e quería viaxar”.

Teño cinco anos, estou na igrexa, vou a miúdo a esta igrexa, Santa María Madre, rexentada polos Paúis, descubro a imaxe da Milagrosa, é unha virxe enorme, azul, branca, das súas mans penden raios estupendos,

chegan ata o chan, ata o chan do altar. Falo primeiro en voz baixa, subo o ton, berro, esixo que retiren do altar á Milagrosa e que me suban a min. Non é un soño, é unha realidade. Eu desexo sobre todo os raios, a bóla do mundo, a serpe, máis que nos pés enrodelada nos cadrís. Padezo un ataque de nervios, consólanme os Paúis, as señoras de adornar os altares, consólanme con recortes de sagradas formas: hostias

A poesía é arte do imperfecto:

– non recibiras outro bico, murmurou a Raíña das Neves, pois habías morrer. Kai mirouna: ¡que fermosa, fermosa era! Pareceulle que ela encarnaba a Perfección.

Só risco de permanecer petrificados. Ou tamén Celan:

“Cando subín polo val vin dúas mozas sentadas nunha pedra: unha estaba soltando os cabelos e a outra axundánda; e a cabeleira dourada caía solta; un rostro serio e pálido e, non embargantes, tan moza, o vestido negro e a outra, tan solícita. (...). Ás veces un desexaría ser a cabeza da Medusa para poder petrificar un grupo coma este e chamar á xente:”. Damas e cabaleiros presten atención: “Un queredía ser unha cabeza de Medusa” para ...; captar o natural en tanto que natural por mediación da arte!.

Neste caso, que un desexe non significa, desde logo: eu quero,

é un saír do humano e un adentrarse nun ámbito sinistro, volto cara ó humano...

Fascíname escribir. Fascíname o misterio da lingua. Unha escrita que ao igual que o feminino e a nación pertencen á orde do que non é endexamais aquí, do que se despraza, do que non poder ser pechado nos límites dun concepto ou icono. Do que escapa non na perspectiva dunha aprensión ulterior, senón que escapa estruturalmente. Do que difire.

Mística, si, por ser un vieiro escuro

Eu, metida en toda clase de regatos.

“atravesei os cortinados brancos:
só existe a luz dentro dos meus ollos”.

A AUTORA TRATA DE LER UN TEXTO: COMO SE POR PRIMEIRA VEZ POUSASE OS SEUS OLLOS NESAS LETRAS. PERO A AUTORA SABE DAS SÚAS ANDANZAS, DO SEU DESEJO POR

APRENDER NOMES, DA SÚA PAIXÓN POR TODA CLASE DE
OURICELAS. SABE QUE O TEXTO É ANTERIOR AOS NOMES, SABE
DAS PREGUNTAS, DOS DICCIONARIOS. ENTRO POIS NA LUZ, NA
BRANCURA INCANSÁBEL DO CRECENTE. DAS ENXURRADAS.
TODAS. SABE QUE O SENTIDO É ANTERIOR AO TEXTO, SABE QUE
ESAS LETRAS

- TODO ANIMAL HASTADO PERTENCE Á LUZ
FORON APRENDIDAS NOUTRAS LETRAS. NA CANTIGA QUE O
DORMÓN, QUE O CERVO, QUE AS LUCERNAS, O PAPA-
GAIO E AS CANDELABRAS. EN TEXTOS ANTERIORES. A
AUTORA ESCRIBE NUN IDIOMA INSEGURO, OS TORNE-
CELOS BONITOS. AQUEL QUE MENOS SE PRESTA NO DI-
CIR. SABE QUE UN TREMOR, SABE DUN EPICENTRO ES-
CURO NADA PODERÁ DICIR, NADA SOBRE O SEU POE-
MA, DO AMOR, DO SEU:
O TEXTO.